

Responsábel: Manuel ESPÍÑA

BISPOS GALEGOS

Por Manuel ESPÍÑA

Visita "ad limina" de catro bispos galegos

O día dezasete de febreiro foron recibidos por Paulo VI o señor Arcebispo de Santiago e os señores bispos de Mondoñedo-Ferrol e de Tui-Vigo e máis Monseñor Rouco. Isto despertou diferentes comentarios, casi todos referentes á ausencia dos bispos de Ourense e de Lugo.

Certamente, a cousa tén a súa razón de ser. Parece moi lóxico e casi de senso común que, de non ter que ir cada ún só (como era tradicional), vaian xuntos todos os que traballan nun anaco da Igrexa tan homoxéneo e xunguido como é o caso de Galiza. Pero, por si esto non fora xa dabondo, estaban aínda moi vivos no recordo as visitas dos señores bispos doutras zonas de España. coma os de Andalucía, que foron todos xuntiños e despóis de preparar en equipo o seu informe.

Ante este feito, non podemos menos de preguntarnos: ¿por qué non foron xuntos os señores bispos de Galiza?; ¿será que os de Ourense e Lugo "cantan fóra de ton"?... Isto parécenos moi grave, sobor de todo no caso da nosa Terra. ¿Cándo se decatarán estes señores de que Galiza é un só pobo e de que o Pobo Galego merece e necesita ser tratado e servido como unha unidade? E, sen este criterio, dificilmente poderemos, non só resolver, senón nin siquiera prantear os nosos meirandes problemas.

E non falemos xa de chegar a outros aos que deberíamos ter chegado. Por exemplo, eu coñezo fregueses dese cento de parroquias da provincia de Ourense e diócese de Astorga, que son e máis sintense completamente galegos, e son desprezados na súa fala, etc., por moitos cregos e mestres casteláns... Mais, ¿cómo imos pensar en defender os seus dereitos a formar parte da Igrexa Galega, cando ésta aínda non se encarnou nos que tén desde hai tantos séculos?

Mil anos de San Rosende

Co gallo dos mil anos do pasamento do principal santo galego, os señores bispos de Galiza —esta vez todos— xuntáronse en Celanova pra concelebrar unha Misa en honra de San Rosende. A liturxia, naturalmente, foi en galego. Na homilía o señor bispo de Ourense dixo que este santo fora todo un tío, que fora o galego máis grande, etc. Tamén fixeron unhas fermosas declaracións á prensa os señores bispos de Santiago e de Mondoñedo.

Ante esta efemérides, xurden en min moitas preguntas e suxerencias pra os señores bispos galegos. E conste que non me esquenzo que a Igrexa formámola todos os bautizados e non só os bispos e cregos, anque eles teñan a meirande responsabilidade.

Desde logo, ninguén poderá negar que esta data era coma poucas pra facer un compromiso colectivo ou un pacto, como agora se di. Un compromiso de maior fidelidade a Deus e ao pobo galego. Non un compromiso deses teóricos e moi xerais, que parecen abarcar tanto que non obrigan a nada nin a ninguén. Coido que chegou a hora de facer algo serio e que non se reduza só a palabras, que agora até as paredes están cheas delas... ¿Non vos parece que sería ésta unha ocasión inmellorábel pra faceren o compromiso de usar decote o galego e non só un día ao ano?

Manuel ESPÍÑA